

Santiago de Compostela a 20 de outubro de 2024.

Estimada/o compañeira/o:

Como xa che comunicamos, a primeiros de novembro comeza o proceso congresual de CCOO, tal e como sucede cada catro anos. Neste proceso debateremos e emendaremos os documentos que servirán de base para elaborar a política sindical do noso Sindicato no vindeiro período 2025/2029.

Así mesmo este proceso de debate serve para a renovación dos órganos de dirección do Sindicato, a todos os seus niveis, que serán os encargados de levar adiante os obxectivos que nos marquemos. Elixiranse os Delegados Delegadas para o Congreso da Federación de Ensino de CCOO de Galicia e para as Unións Comarcais e a persoa responsable do Local Comarcal de Ensino.

Polo tanto, pola presente estás convidado a participar nas votacións e nas Asembleas que terá lugar nos nosos Sindicatos Comarcais. As datas, horarios e Orde do día das distintas Asembleas son os seguintes:

COMARCA	SECTOR	ASEMBLEA DELIBERATIVA		ASEMBLEA ELECTIVA		DATA PRESENTACION CANDIDATURAS
		DATA	HORARIO	DATA	HORARIO	
FERROL	Agrupamento	04/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	04/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 27/10/2024
SANTIAGO	Agrupamento	05/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	05/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 28/10/2024
PONTEVEDRA	Agrupamento	05/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	05/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 28/10/2024
A CORUÑA	Agrupamento	05/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	05/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 28/10/2024
LUGO	Agrupamento	06/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	06/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 29/10/2024
AROUSA	Agrupamento	06/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	06/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 29/10/2024
A MARIÑA	Agrupamento	07/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	07/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 30/10/2024

Orde do día da Asemblea:

1. Constitución da Mesa da Asemblea e aprobación das normas de funcionamento.
2. Informe da persoa Coordinadora do Local Comarcal.
3. Discusión das emendas:
 - a. Emendas á Ponencia e a proposta de modificación de Estatutos da Confederación Sindical de CCOO
 - b. Emendas á Ponencia e a proposta de modificación de Estatutos da Federación de Enseñanza de CCOO.
 - c. Emendas ao Relatorio e a proposta de modificación de Estatutos do Sindicato Nacional de CCOO.
4. Elección da persoa Coordinadora do Local Comarcal.
5. Elección dos/as delegados/as ao Congreso da Federación de Ensino de Galicia.
6. Elección dos/as delegados/as ao Congreso da Unión Comarcal.
7. Resolucións.
8. Clausura.

COMARCA	SECTOR	ASEMBLEA DELIBERATIVA		ASEMBLEA ELECTIVA		DATA PRESENTACION CANDIDATURAS
		DATA	HORARIO	DATA	HORARIO	
VIGO	Docentes Pública	04/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	04/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 27/10/2024
	PSEC-Privada-Univ.-Pens.-Parados-Otros	04/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	04/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 27/10/2024
OURENSE	Docentes Pública	07/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	07/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 30/10/2024
	PSEC-Privada-Univ.-Pens.-Parados-Otros	07/11/2024	De 18:00 a 20:30 horas	07/11/2024	De 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 20:30 horas	23:59 h. do 30/10/2024

Orde do día da Asemblea:


1. Constitución da Mesa da Asemblea e aprobación das normas de funcionamento da mesma.
2. Discusión das emendas:
 - a. Emendas á Ponencia e a proposta de modificación de Estatutos da Confederación Sindical de CCOO.
 - b. Emendas á Ponencia e a proposta de modificación de Estatutos da Federación de Enseñanza de CCOO.
 - c. Emendas ao Relatorio e a proposta de modificación de Estatutos do Sindicato Nacional de CCOO.
3. Elección dos/as delegados/as ao Nivel II no ámbito do Congreso da Federación de Ensino de Galicia.
4. Resolucións.
5. Clausura.

Os materiais para debater e as normas do proceso congresual están á túa disposición nos locais do sindicato, na páxina web <http://ccooensino.gal> e tamén podemos facilitarchos por correo electrónico.

O prazo de presentación de candidaturas remata cinco días antes da celebración da Asemblea. Se só houberse unha candidatura proclamada, non se procederá á súa votación, quedando elixidos todos os candidatos e candidatas (titulares e suplentes).

Sen máis agardamos a túa presenza e participación.

Recibe un saúdo.



Asdo.: Luz López Pérez
Secretaría Xeral da Federación de Ensino de CCOO de Galicia.

